

**1** Completa as oracións coas seguintes palabras: infecciosas, sanitaria, vida, contorno.

- A saúde depende de factores persoais, do ..... **contorno** ....., do estilo de ..... **vida** ..... e do grao de atención ..... **sanitaria** .....
- As enfermidades poden ser ..... **infecciosas** ..... e non infecciosas.

Valor da resposta correcta 1 pto. Puntuación obtida

**2** Escribe dous exemplos de hábitos saudables e dous de hábitos non saudables.

**Resposta tipo:** Saudables: durmir entre 8 e 10 horas diarias, facer exercicio físico regularmente. Non saudables: levar a mochila moi cargada e colgada só dun ombro e comer moitas lambetadas.

Valor da resposta correcta 2 ptos. Puntuación obtida

**3** Indica a que partes do organismo prexudican as seguintes substancias.

- Alcohol: **estómago, cerebro e fígado** .....
- Tabaco: **pulmón, corazón, pel, alento** .....

Valor da resposta correcta 1 pto. Puntuación obtida

**4** Marca cun X as medidas de primeiros auxilios correctas.

Tombarse e levantar as pernas se hai perda do coñecemento.	X
Aplicar amoníaco ou frío en caso de picadura de insectos.	X
Aplicar calor na zona danada en caso de escordaduras ou golpes.	
En caso de insolación dar de beber auga ou unha bebida isotónica.	X

Valor da resposta correcta 1 pto. Puntuación obtida

**5** Completa a táboa cun exemplo de avance da ciencia que mellore a nosa saúde.

Alimentos	<b>Resposta tipo:</b> O envasado ao baleiro.
Auga	<b>Resposta tipo:</b> A potabilización da auga.
Vacinas	<b>Resposta tipo:</b> A vacina da varicela.
Técnicas diagnósticas	<b>Resposta tipo:</b> As radiografías.
Medicinas	<b>Resposta tipo:</b> Os antibióticos.
Técnicas cirúrxicas	<b>Resposta tipo:</b> A microcirurxía.

Valor da resposta correcta 1 pto. Puntuación obtida

## 6 Observa a escena e resolve.



a) Cres que o neno da imaxe está enfermo? Explica por que.

Si, porque a enfermidade é a perda da saúde. A saúde é un estado completo de benestar físico, mental e social, e neste momento o neno non goza dun estado de benestar físico.

b) Que hábito saudable debería incorporar?

Debería estar menos tempo exposto ao sol e protexerse cunha gorra e crema solar.

c) Que primeiros auxilios lle aplicarías? Indica que cres que lle recomendaría o médico se tivese febre.

**Resposta tipo:** Situaríao nun lugar á sombra, poñeríalle compresas frías e crema hidratante nas zonas afectadas e daríalle de beber auga fresca. Se tivese febre, o médico recomendaríalle repouso, evitar estar moi abrigado, beber abundantes líquidos e tomar un antitérmico.

d) Que hábito que prexudica a saúde identificas na imaxe? Fai un debuxo dunha persoa e indica os órganos que se están danando.

Fumar. ....

Comprobar a correcta identificación dos órganos que dana o tabaco: pulmóns, corazón, alento, pel.

Valor da resposta correcta 4 pts. Puntuación obtida